

# RÚA ANTONIA FERRÍN MOREIRAS

(Astrónoma galega)

na *Coruña*



## RÚA ANTONIA FERRÍN MOREIRAS

O 10 de marzo de 2022 o Concello da Coruña aproba en pleno que se outorgue o nome de Antonia Ferrín Moreiras a unha rúa da cidade, tras a solicitude realizada á Comisión de Honras e Distincións pola Agrupación Astronómica Coruñesa lo.

## REFERENTE GALEGA NA ASTRONOMÍA

Antonia foi unha muller extraordinariamente notable. Estudou, ensinou, investigou e traballou incansablemente nunha sociedade e nunha época en que as mulleres tiñan difícil realizar actividades fóra da casa. Logrou algúns fitos importantes: foi a primeira astrónoma profesional galega, defendeu a primeira tese de astronomía en Galicia e foi tamén a primeira muller en facelo en España.

Antonia Ferrín Moreiras foi un exemplo de intelixencia, de extraordinaria capacidade de traballo e de singular paixón polo coñecemento. Un espírito incansable de estudo e traballo ao longo da súa vida que contribuíu a transmitir aos seus semellantes.

## CAMIÑANDO CARA UN RUEIRO MUNICIPAL REPRESENTATIVO

Un municipio comprometido cunha gobernanza para todas e todos en igualdade debe incorporar unha perspectiva de xénero que, entre outras políticas, estratexias e instrumentos, proporcione máis visibilidade a figuras e referentes femininos.

O nome das rúas forma parte da cultura popular, rememoran ou homenaxean a figura de personaxes públicos, case sempre masculinos pola diferenza dos roles tradicionalmente asignados a homes e mulleres, polo que a inclusión de personaxes femininos é un acto de xustiza e reparación.


As mulleres están pouco presentes no nomenclátor do termo municipal coruñés, unha desigualdade e aldraxe histórica que, se ben é certo que non é exclusivo da Coruña, debemos contribuír a paliar (datos de 2018 identifican que menos do 5% das rúas coruñesas teñen nome de muller).

## CORUÑA CIENTÍFICA

Queremos que a ciencia tome as rúas, que a cultura e a educación científica se estenda máis alá dos museos. E que igual que podemos camiñar pola Rúa Severo Ochoa, Newton ou Galileo Galilei, o poidamos facer pola Rúa Antonia Ferrín Moreiras.



[agrupacionio.com](http://agrupacionio.com)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



MUSEOS  
CIENTÍFICOS

Galego



Castelán



## ACTIVIDADE PROFESIONAL

Os primeiros traballos de **Antonia Ferrín** non son remunerados e compatibilizounos con estudos: exerce como profesora axudante en prácticas na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago, axudante interina do Instituto Arcebispo Xelmírez e se incorpora como profesora de matemáticas na escola para nenas orfas Nosa Señora dos Remedios.

Durante a Guerra Civil acusárona de ideoloxía política subversiva e abríronlle un expediente de depuración polo que foi apartada da docencia. En 1940 conseguiu que lle revisaran a causa e cancelaran a pena, grazas ao cal puido volver á docencia. Traballou desta volta como profesora asistente e adxunta na USC xunto ao profesor Enríque Vidal Abascal, quen lle presentou a Ramón María Aller Ulloa, fundador e director do Observatorio Astronómico da USC.

A unha idade temperá, con tres licenciaturas e o título de mestra, Antonia podía atopar traballos ben remunerados, pero quedou presa da astronomía, na que desenvolveu a maior parte da súa carreira profesional. En 1950 consegue unha bolsa do Consello Superior de Investigacións Científicas para realizar investigacións no Observatorio Astronómico de Santiago de Compostela e dous anos despois un contrato como asistente de investigación, polo que se converteu na primeira astrónoma profesional galega.

En 1953 aprobou as oposicións para profesora titular de matemáticas na Escuela Normal de Magisterio de Santander. En 1955 comezou a traballar na escola para nenas Isabel La Católica en Santiago de Compostela e neses anos axudou a impulsar a creación da Licenciatura de Matemáticas na Facultade de Ciencias da USC. Consegúrono en 1957 e Antonia foi a primeira muller profesora desta Facultade. O 24 de maio de 2008, xa retirada, foi nomeada madriña do 50º aniversario da Facultade de Matemáticas da USC.

Dende 1957 ata 1984, cando se xubilou, Antonia compatibilizou a investigación en astronomía coa actividade docente de matemáticas e mecánica celeste en diferentes centros de Galicia e Madrid. Así mesmo, participou dos primeiros encontros internacionais de matemáticas que se celebraron en España.

## ACHEGAS Á ASTRONOMÍA

**Antonia Ferrín** aprendeu o uso de instrumentos como os anteollos de pasos ou o telescopio refractor de doce centímetros. Con este sinxelo instrumental levou a cabo minuciosas e pacientes observacións nas frías noites de inverno galegas. Ela recordaba o intenso frío que vivía porque as súas saias non lle daban suficiente abrigo e naquela época non se toleraba que as mulleres puideran vestir pantalóns. Investigou ocultacións de estrelas pola Lúa, pasos de estrelas por dúas verticais e medidas micrométricas de estrelas dobres. Os cálculos, medicións e análises do ceo que realizou no Observatorio foron publicados en revistas especializadas, como *Urania*.

**2009** ★

Falece en Santiago de Compostela o 6 de agosto.

**1963** ★

O 14 de setembro de 1963 defendeu a tese "Observaciones de pasos por dos verticales" realizada baixo a dirección de Ramón María Aller. Foi a primeira tese de astronomía que se leu na Facultade de Matemáticas da USC, pero ademais era a primeira tese de astronomía defendida por unha muller en España.

**1952-1954** ★

Doutórase en Matemáticas.

**1950** ★

Licénciase en Matemáticas pola Universidade Central de Madrid.

**1940** ★

Remata a carreira de Farmacia.

**1935** ★

Obtén os títulos de licenciada en Químicas e Mestra Nacional cun expediente brillante.

**1914** ★

**ANTONIA FERRÍN MOREIRAS**  
Nace en Ourense o 13 de maio de 1914.

